

R. Mariño Paz (2008): “Mantemento e transformación do ditongo decrecente /ai/ no galego medieval”, en M. Brea / F. Fernández Rei / X. L. Regueira (eds.): *Cada palabra pesaba, cada palabra medía. Homenaxe a Antón Santamarina*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 523-534.

---



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

## MANTEMENTO E TRANSFORMACIÓN DO DITONGO DECRECENTE /ai/ NO GALEGO MEDIEVAL\*

Ramón Mariño Paz

DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA GALEGA

Tendencias evolutivas de distinto tipo produciron o resultado de que a escaseza de ditongos propia do latín clásico fose abrindo o paso, no latín vulgar e nos posteriores romances, a unha ampliación e diversificación que no galego medieval resultaban ostensibles. As nosas fontes escritas dos séculos XIII-XVI amosan unha completa gama de ditongos decrecentes sostida principalmente, mais non só, polas voces patrimoniais. Entre tales ditongos, un dos máis frecuentes era sen dúbida /ei/, que en moitos casos procedía dun anterior /ai/ secundario que, tónico ou átono, se orixinou de distintas formas en distintas etapas evolutivas do latín galaico:

- por ditongación secuencial dun antigo hiato /ai/ latino ou prelatino: BAIKA(S) > *veyga(s)* (MSCDR, ano 1249...; CDMO, anos 1257, 1258...; CSM, TC, etc.), *ueyga(s)* (TC; HGPg, anos 1290, 1310...; THCS, anos 1393, 1395; etc.), *veiga(s)* (LP, TC; Rot, anos 1293, 1368; etc.), *ueiga(s)* (PRMF, anos 1245, 1251...; THCS, anos 1393, 1394; etc.); LAICU / -ŌS > *leygo(s)* (CSM,

---

\* Dada a pequena extensión asignada ás contribucións reunidas neste volume, non me é posible desenvolver neste meu traballo as abreviaturas correspondentes ás fontes medievais que cito nel. O lector interesado poderá consultar estes pormenores no TMILG (X. Varela Barreiro (dir.) (2004): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Instituto da Lingua Galega (<http://ilg.usc.es/tmilg>)), que é o recurso informático de que me servín para recadar a información que precisaba. En troques, si incluíno ao final do artigo a breve relación das fontes posmedievais das que extraín algún rexistro. O traballo realizouse no marco do proxecto de investigación denominado *La lírica gallego-portuguesa en la corte de Alfonso X. Autores y textos* (HUM 2007-61790, Ministerio de Educación y Ciencia).

TC, CI; HGPg, ano 1290; etc.), *leigo(s)* (CSM, MS; MSST, ano 1256; etc.)<sup>1</sup>; en MĀIŌRĪNU > *meyrino* (CDMO, anos 1256, 1260...; HGPg, anos 1281, 1299; TC, OA, etc.) *meyrinho* (LP), *meirino* (PRMF, anos 1245, 1249...; VFD, anos 1255, 1257...; etc.), *meirinho* (LP), foi a elisión da vogal pretónica o que precipitou a ditongación secuencial do hiato /ai/ resultante dela: *mai'rīnu* > *meiriño*;

- por eliminación dunha consoante ou dunha semiconsoante situada en posición intervocálica: ADITU > *eydo* (ROT, anos 1264, 1368, 1399; HGPg, anos 1271, 1288; CDMO, ano 1331), *eido* (BMSEH, anos 1365, 1447); HABEŌ > \*HAIŌ > *ey* (CSM, LP, TC...), *ei* (CSM, LP...), *hey* (CDMO, anos 1267, 1292; HGPg, ano 1310; LNAP; etc), *hei* (LP, TEP...); -ĀVI > lat. vg. -*ai* (cf. Väänänen 1982: 227) > -*ei*: AMĀVI > *amey* (LP, CT, HT), *amei* (CSM, LP, MS);
- por debilitamento e semiconsonantización dunha consoante oclusiva situada na marxe silábica posnuclear no interior dun grupo consonántico heterosilábico: LACTE > *leyte* (LP, TC, GE, HT, CI), *leite* (CSM, TA); FRAGRĀRE > FRAG-RĀ-RE (con cambio de silabación) > *cheyrar* (CSM, TC), *cheyrar* (CSM, LP); AXE(S) (con [ks]) > *eyxe(s)* (GE), *eixo(s)* (CT; MNP, ano 1433); FASCE(S) > \*FACSE(S) > *feyxes* (CDMO, ano 1301; VFD, ano 1519), *feixe(s)* (CSM, LP);
- por metátese do iode nos grupos [rj] e [sj]: GLAREA > *leyra* (MSCDR, anos 1218, 1223...; CDMO, anos 1258, 1259...; etc.), *leira* (PRMF, ano 1238, 1239...; MSCDR, anos 1244, 1258...; etc.); VARIA(S) > *veyra(s)* (LP, GE), *veira(s)* (LP); CASEU > *queijo* (CSM), *queyio* (TC), *queyjo* (GE); MANSIŌNES > \*MASSIONES > *meyiões* (TC);
- por transformacións experimentadas noutros dominios lingüísticos por palabras tomadas en préstamo; así, debido ao debilitamento da consoante oclusiva dental xorda, o latín FRATRE(S) deu no provenzal antigo o substantivo *fraire(s)*, do que proceden as formas galegas *frayre(s)* (TC, GE; MB, anos 1305, 1316...; etc.), *fraire(s)* (VFD, ano 1287; MSCDR, ano 1334; etc.) > *freyre(s)* (CSM, TC; CDMO, anos 1259; PSVD, anos 1269, 1271...; etc.), *freire(s)* (CSM, LP...).

1 Talvez fose tamén o caso do prelatino \*MANTAICA, aínda que o étimo puido ser \*MANTEICA (cf. DCECH): *manteiga* (MSST, ano 1272; CDMO, anos 1286, 1307...; TA; etc.), *manteiga* (CSM, LP, TA, etc.).

O paso de /ai/ a /ei/ consumouse como consecuencia da aproximación do núcleo do ditongo á palatalidade da súa semiconsoante posnuclear. Debeu de haber en primeira instancia unha fase [ej] relativamente xeneralizada que aínda hoxe se mantén nas falas orientais (cf. Lorenzo 1993: 13-14), pero comunmente chegouse a [ej], cunha segunda inflexión do núcleo, que no galego moderno é a solución máis estendida.

Polo que se refire ás voces patrimoniais, testemuños seguros da chegada a <ei>, cunha incerta realización do núcleo vocálico, témolos xa en documentos latinos do século X para bastantes dos tipos de procesos evolutivos anteriormente indicados (cf. Veiga Arias 1983: 61-132; Lorenzo 2003: 170, 173, 174, 175, 177, 187): *auteiro* (922, 952); *Vultureira* (925-936); *Loseiro* (929); *peitare* (931); *castineiros* (931); *Teyxidu* (ca. 936); *lexabimus* (936) e *Frexitu* (943), con probable valor de ditongo para <e>; *Eires* (949); *Celleiros* (954); *Keiroga* (955); *Veiga* (961) e incluso un *Viga* (927) en que <i> podería estar representado xa o ditongo; *leiram* (966); *Rekeiso* (968); *liteyra* (969), *Barueito* (971); *Naseiro* (971); *Nugeira* (971); *Seirola* (977); *eiras* (986); *veiras* (998). Mesmo parece que se poden citar algúns casos do século IX, coma *Oseyro* (830) (cf. Veiga Arias 1983: 113), ou “mazaneiras, pereiras, amexeneiras” (883) (cf. Lorenzo 2003: 175). Pola súa parte, os rexistros da fase <ai> son en xeral pouco abundantes para as formas patrimoniais, pero aínda se poden achar non só en documentos do século XII (*Tauairola*, 1160; *Tayxario*, 1160; *Cabraira*, 1165; *laycali*, 1173; *Recaixo*, 1186) (cf. Veiga Arias 1983: 61-132), senón incluso máis tardiamente: *laigos* (MSCDR, ano 1361), *laira* (MSCDR, ano 1225), *Regayro* (PSVD, ano 1274), *Suayro* (MSMDFP, anos 1274, 1278, 1300).

En troques, máis perdurable foi a persistencia de /ai/ en diversos casos que demandan exposicións particularizadas: préstamos, cultismos, voces con consoante labial seguida de iode e dialectalismos. Aludirei a eles con brevidade.

## Préstamos

O provenzalismo *frayre* mantívose ata a fin do período medieval, e mesmo ata o galego escrito moderno (cf. TILG), a carón da solución alternativa *freyre*, hoxe propia do galego común coa forma gráfica *freire*. O seu carácter de préstamo debeu de dificultar e enlentece a súa plena adaptación formal ao sistema que o integrou, pois, como mostran as fontes conservadas, durante séculos persistiu a variación resultante da loita entre a fidelidade á forma orixinal (*frayre*) e a tendencia á súa acomodación patrimonializante (*freyre*), que talvez resultase favorecida polo influxo da variante francesa *frere*, que penetrou na Península Ibérica canda a provenzal ao producirse a reforma cluniacense e a arribada de monxes ultrapirenaicos desde finais do século XI

(cf. DCECH). Unha análise superficial dos datos que ofrecen o TMILG e algunhas outras fontes revela, entre outras cuestións, as seguintes: 1) que tanto *frayre* coma *freyre* (ou as variantes *flayre*, *fleyre* e os correspondentes femininos) se rexistran desde o século XII (cf. Veiga Arias 1983: 78; Lorenzo 1975-1977: II, 665-666) e que, se das variantes con /ei/ se poden indicar testemuños seguros de finais do século XV, das que teñen /ai/ hainos mesmo de principios do XVI: *flayres* (HGPg, anos 1506, 1516), *frayras* (HGPg, ano 1502); 2) que só como substantivo común experimentou este préstamo a variación ai/ei, dándose a circunstancia de que as fontes notariais conservadas semellan indicar que polo menos desde o trescentos ata os inicios do cincocentos foron as solucións con /ai/ as maioritarias; e 3) que como apelido só se utilizaron as solucións con /ei/ (normalmente *Freyre*, e rara vez *Freyra*)<sup>2</sup>. Sen dúbida, á historia deste préstamo na nosa lingua cómprelle aínda un estudo demorado.

Fidelidade á forma orixinal de que proceden obsérvase en diversos galicismos ou occitanismos máis ou menos ocasionais nas nosas fontes medievais que, ao contrario do que aconteceu con *freire*, non se deron consolidado como voces propias do noso vocabulario: o occitanismo *baile* ‘xuíz’ (< occ. *baile*) (CSM) e o seu derivado *baylia(s)* (CSM; CDMO, ano 1325), *bailia* (VFD e HGPg, ano 1287); o galicismo *maison* (CSM) e *mayson* (LP); o occitanismo *ueiayros* ‘xestos, visaxes’ (< occ. antigo *veiaire*) (TC). Do BAJULĀRE latino provén o verbo do francés antigo *baillir*, ao que remite o *bailir* ‘tratar’ que se le unicamente, e nunha soa ocasión, nas *Cantigas de Santa María*: “cinco diabos hũa sazón / s’assũaron e fillaron entón, / todos, un ome, polo mal *bailir*” (CSM, 109.18) (cf. García-Sabell Tormo 1991: 60-61). Así mesmo, atopamos fidelidade á forma orixinal no caso do catalanismo *baixel* (< cat. *vaixel*) (SMCP, ano 1384), *bayxees* (TC), *baixeas* (TC; FMST, ano 1309; SMCP, ano 1384), que si perdurou, aínda que cunha difusión moito menor ca a de *freire*.

Serodia, posmedieval incluso, foi a entrada doutros dous préstamos en que o ditongo /ai/ que contiñan quedou tamén sen pasar para /ei/. Do substantivo *caixa* os testemuños máis antigos que poden ofrecer son do século XVIII (CVGR, EEME). Esta palabra, representante do latín CAPSA, é un catalanismo ou un occitanismo raro no portugués e no castelán medievais (cf. DENFLP e DCECH) e, polo que parece, descoñecido (ou, en todo caso, rarísimo) nos textos galegos da mesma época. De aquí o contraste formal que se observa entre o préstamo tardío *caixa* (sen adaptación) e a voz herdada CAPSELLA(S) > *cousela(s)* (MS; LCS, ano 1418; LNAP) (coas mudanzas patrimoniais esperables en galego para o étimo latino CAPSA).

2 Véxanse, por exemplo, estes dous casos: “Eu Elvira *Freira*, moller que foy de Fernan Yanes Viçoso estando saa et con soude et...” (CSMVV, ano 1424); “Item em Rio a herdade que teve Domingo Martim, fillo de Maria *Freyra*, que agora tem Joham Martines” (LTP, ano 1473).

De FASCIA(S), con probable cambio para \*FACSIA(S), proceden en galego *fayja(s)* (FM), *fayxa* (HDS, CF, EEME), *faixas* (CVGR), *fayxas* (HDS, CVFG, CVGR), *faixa* (ALGa 3, mapa 417). Ora ben, esta palabra, para a que carecemos de rexistros medievais, semella igualmente un préstamo de entrada tardía non só en galego, senón tamén en portugués e en castelán (cf. DENFLP e DCECH). Por tanto, tampouco debe estrañar que non se presente cunha solución plenamente patrimonial, que en galego sería \**feixa*<sup>3</sup>.

Outros occitanismos ou galicismos serodios con /ai/ que non se rexistran aínda no galego medieval son *faisán*, *paisaxe* e *paisano*<sup>4</sup>. O carácter átono do ditongo nestes préstamos favorece no galego moderno a posibilidade da súa transformación en /ei/ (*feisán*, *peisaxe*, *peisano*), que tamén se dá en *bailar* > *beilar*, *gaiteiro* > *gueiteiro*, *baixar* > *beixar* (xa na medieval TC) ou *caixón* > *queixón*.

## Cultismos

Os préstamos tardíos do latín que contiñan o sufixo –ARIU, ou ben os nomes derivados que se formaron xa en galego co descendente romance de tal sufixo, oscilaron entre a mínima acomodación flexiva ao sistema galego (–ario(s), –aria(s)) e diversos graos de adaptación máis profunda que chegaron, segundo os casos, ata –a(i)r– ou ata –eir–. O que preponderou, con certeza, foi a adopción da forma latinizante para o sufixo: *anniversaria*, *anniversario*, *aversario* ‘adversario’, *ygrejario*, *necessario*, *santuario*, etc. As excepcións foron contadas. Houbo, por exemplo, unhas poucas voces con este sufixo en que chegou a ter certa difusión a fase –air–, para a que incluso atopamos testemuños do século XV<sup>5</sup>:

CALENDĀRIU > *calandairo* (LP)

NOTĀRIU > *notairo* (LCS, ano 1417)

CONTRĀRIU > *contrairo* (LP, AT)

VESTIĀRIU > *uestiayro* (HGPG, ano 1288)

3 No caso do arabismo *andamio* semella que nin sequera chegou a constituírse en galego un ditongo /'ai/. En efecto, a voz árabe AD-D'ĀIM deixou no galego medieval como rastros *andamyro* (TC), *andamjos* (CT) e *andameo(s)* (CT, HT; HCEM, ano 1395; LCS, ano 1416; MNP, ano 1433; DMSBC, ano 1457), mais non as variantes con metátese (*andaimo*, *andaime*) que si se deron no portugués (cf. Lorenzo 1975-1977: II, 122-123; 1993: 12-13).

4 Para a información sobre a fortuna histórica destas palabras no dominio hispánico, e no románico en xeral, cf. DCECH.

5 Ditongo /ai/ ante consoante vibrante mais con orixe distinta ten o antropónimo *Ayras* (LP; VFD, ano 1274), *Airas* (LP), de etimoloxía incerta (cf. Ferro Ruibal 1992: 107). Anótese tamén, de par destas voces, o topónimo oriental *Cesaira* (CSM) (tamén *Çesarea*, GE) (< CAESAREA) e mais o substantivo *desvairo* (LP), derivado do verbo *variar*.

CURSĀRIU / -ŌS > *cossairo* (CSM),  
*cusairos* (MS)

FOSSA: *fössayro* (TC)

\*LACTE: *leitoairo* (CSM)

VICĀRIU / -ŌS > *vigayro(s)* (HGPg, ano  
 1290; TC), *vigairo(s)* (ROT, anos 1315,  
 1367, 1368, 1370)

Neste grupo de palabras o paso a *-eir-* foi moi ocasional. Nas fontes documentais que explorei apenas podo mencionar catro rexistros, dos que o máis moderno non vai máis alá do primeiro cuarto do século XIV: *noteyro* (DGS13-16, ano 1261; DTT, ano 1283; ROT, ano 1325), *vestieyro* (ROT, ano 1287). Coñecéronse, pois, estas variantes innovadoras, mais non alcanzaron a difusión necesaria para triunfaren.

No propio galego escrito na Idade Media preponderou xa para moitas destas palabras o uso da solución culta do sufixo: *contrario*, *notario*<sup>6</sup>, *vestiario* ou *vistiario*, *vicario* ou *vigario*<sup>7</sup>. Circulación máis restrinxida tiveron *cossario* (CSM) e *leitoario* (CSM), pero, así e todo, as dúas ilustran igualmente o alcance que chegou a ter esta tendencia maioritaria, da que semella que soamente conseguiu escapar a moderna forma popular *vigairo* ‘substituto do pedáneo’, recadada na década de 1970 na fala do Val de Verín (cf. Taboada 1979: 60, 78).

## Voces con consoante labial seguida de iode

Resistencia para a plena acomodación patrimonial houbos tamén con distintas voces que contiñan unha consoante labial seguida dun iode que se viu afectado por unha tendencia á metátese que non se deu xeneralizado. Non experimentou unha evolución netamente popular o substantivo latino vulgar RABIA, para o que maioritariamente atopamos na lingua medieval resultados en que non se produciu nin palatalización do grupo [bj] (coma en HABEŌ > *ajo*) nin metátese da semiconsoante palatal: *ravia* (CSM), *rrayua* (TC), *rauya* (TC), *rrauea* (CT, MS). Podemos mencionar, iso si, un rexistro con esa metátese, mais sen modificación do núcleo do ditongo decrecente: *rrayua* (CT). A meu parecer, o que isto significa é que a chegada á fase con /ai/ alcanzou nesta voz unha difusión tan limitada que non houbo lugar para o paso a *\*reibā*.

A arribada serodia de *gaiivota* (derivado do latín GAVIA) aos romances ibéricos centro-occidentais (cf. DCECH, DENFLP) dános tamén a chave para enten-

6 Podo mencionar tamén tres casos de *notaro* en documentos do século XIII (CDMO, ano 1261; DGS13-16, ano 1271).

7 Tamén se le a solución *-aro(s)* en fontes documentais dos séculos XIII e XIV: *uestiario* (HGPg, ano 1262), *vistiario* (HGPg, ano 1334), *vigaro(s)* (CDMACM, CDMO, DGS13-16, MB).

dermos o mantemento do seu ditongo /ai/ en galego e mais en portugués. O máis antigo rexistro castelán que lle asigna Corominas data só do vocabulario de Alonso Fernández de Palencia de 1490, ao paso que para o portugués a primeira documentación que ofrece Cunha é tamén do século XV: *guayuota*. En galego parece non quedar rastro desta voz ata mediados do século XVIII, cando Sarmiento deixou constancia do uso de *gavota*, *gaviota* e *gaivota* (cf. CVFLG). Da convivencia destas tres variantes dedúcese que na nosa lingua o ditongo desta voz non só se formou tardiamente, senón que ademais non se xeneralizou: así o evidencian tanto *gaviota* coma o *gavota* que o frade bieito oíu nas Rías Baixas a mediados do século XVIII e que hoxe continúa a usarse a carón de *gaivota* e da solución con paso a /ei/ *gueivota* (cf. Ríos Panisse 1977-1983: II, 26-27).

Nas palabras co grupo [pj] e con /a/ tónico obsérvase nos textos medievais, e aínda nas fontes posteriores, un tratamento atrasado con ausencia da solución patrimonial /ei/, que, salvando algunha excepción, tampouco se coñece na actualidade (cf. Lorenzo 1993: 12-13; Maia 1986: 809-811). Así, para APIU rexístrase o resultado *apeo* (TA) (coa variante gráfica *aaapeo* (TA)) nos inicios do século XV, e, xa no XVIII, *aipo* (CVFLG) ao lado de *apio* (PDG, EHGBG) e *ampio* (CVFLG, PDG, EHGBG). Para o presente de subxuntivo de *saber* os textos medievais mostran un incontestable predominio das solucións non metatizadas: SAPIAM > *sayba* (CT), SAPIAS > *sabias* (TC), *sabyas* (TC), *sabeas* (TC, CT), *sabas* (TC), SAPIAT > *sabya* (TC), *sábea* (CT), SAPIANT > *sabiã* (TC, HGPg), *sabyã* (HGPg), *sabiam* (HGPg), *saibiã* (HGPg, ano 1301), *sayban* (CT), *sabeã* (CT, HGPg, LNAP), *sabeam* (HGPg), *sabeam* (HGPg), *sabã* (TC; HGPg, anos 1258, 1285, 1301), *saban* (HGPg), *sabam* (HGPg), etc.<sup>8</sup> A documentación de que dispoñemos, por tanto, revela que a metátese do iode en contacto coa consoante oclusiva bilabial xorda foi tardía e non alcanzou a xeneralización, cousa que, obviamente, tamén obstaculizou seriamente a posibilidade de na Idade Media, e aínda despois, se verificar a difusión do paso do ditongo /ai/ a /ei/ nos casos expostos neste parágrafo.

## Dialectalismos

De par de todo isto, hai que se referir tamén a un grupo de voces en que o mantemento da fase /ai/ presenta unha nítida distribución dialectal xa na docu-

8 Na lingua contemporánea, alén da solución normativa *saiba*, empréganse tamén *sabia*, *saipa*, *saba*, *seipa* (con ['ej]), *sepia* (con ['ɛ]), *seba* (con ['ɛ]) e *sepa* (con ['ɛ] ou con ['e]) (cf. ALGa 1, mapa 350; ALGa 3, mapa 373); para *caber*, alén de *caiba*, úsanse *cabia*, *caba*, *queiba* (con ['ej]), *queipa* (con ['ɛ]) ou con ['e]), *quépea* (con ['ɛ]) e *quepa* (con ['ɛ] ou con ['e]) (cf. ALGa 1, mapa 217).

mentación da Idade Media. En efecto, nalgunhas palabras, e singularmente en topónimos, rexístrase a solución /ai/ en instrumentos notariais redactados durante os séculos XIII, XIV e XV en puntos da Galicia oriental onde aínda hoxe se conservan tales resultados (cf. Maia 1986: 536-538): ABELLANĀRIA(S) > *Avelaayra* (MS-MDFP, ano 1404; MERS, ano 1407; SVP, ano 1430), *auelaayras* (SVP, ano 1428) > *Abelayra* (CDMO, ano 1381), *avelayras* (SVP, ano 1421); AREA > *ayra* (HGPg, anos 1283, 1302; CDMO, ano 1286, 1312...; OMOM, anos 1328, 1393...; MPR, anos 1346, 1356...; etc.), *aira* (VFD, ano 1287; MPR, anos 1351, 1355...; ALGa 3, mapa 90); \*LOTANĀRIU > *Lodaayro* (HGPg, ano 1426); MATIANĀRIA(S) > *Mazaayra* (VFD, ano 1261), *Maçaayra(s)* (MERS, ano 1383; SVP, anos 1412, 1457) > *Maçayra* (SVP, ano 1417; MSMDFP, ano 1456; LTP, ano 1473), *Maçaira* (VFD, ano 1465); QUINTANĀRIU / -ŌS > *Quintayro* (MPR, ano 1374), *Quintairos* (VFD, ano 1520); \*SCALĀRIU > *Escaayro* (MERS, ano 1349; HGPg, ano 1473)... En posición interior de palabra o resultado dialectal /'ai/ aparece nos casos en que previamente se chegou á secuencia /a'ai/ debido á perda dunha consoante intervocálica (cf. Diéguez González 2000, 2001): ABELLANĀRIA > *avelāaira* > *abelaira* (tamén *abeleira*), MATIANĀRIA > *maçāaira* > *mazaira* (tamén *maceira*), QUINTANĀRIU > *quintāairo* > *quintairo* (tamén *quinteiro*), \*SCALĀRIU > *escaairo* > *escairo* (tamén *esqueiro*), etc. Na posición inicial de substantivos femininos o ditongo /ei/ puido resultar alterado polo artigo *a* precedente, e non só no caso de *a eira* > *a aira*, senón tamén nos de *a eixada* > *a aixada* e *a eixola* > *a aixola*, con variación ben atestada no galego actual (cf. GVGH) pero non no medieval, onde só rexistramos (*a*) *aixada* (< lat. vg. ASCIATA) (VFD, ano 1435) e (*hua*) *eyxola* (talvez do lat. hispánico ASCIOLA, con estraño mantemento de /l/ intervocálico) (CuPb, ano 1474).

## Voces de etimoloxía incerta

O feito de presentar o ditongo /ai/ inalterado induce a sospeitar que *baylar* (LP, CT, HT), *bailar* (LP) (e *baile*, CSM; *bailada*, *bailia*, LP) debe de ser un préstamo. Como apunta Corominas (cf. DCECH), se en última instancia este verbo remite ao latín tardío BALLARE, como voz herdada tería que dar *balar* en galego e portugués e *ballar* en castelán; para o etimólogo catalán, o occitanismo *balar* púidose cruzar xa en territorio ibérico cunha voz autóctona *bailar* ‘abandar o berce’, procedente do latín BAJULĀRE. Cómprenos prudencia para non nos pronunciar categoricamente sobre a orixe e o desenvolvemento histórico dunha palabra de etimoloxía tan controvertida<sup>9</sup>,

mais creo que salta á vista que baterá con serias dificultades quen queira catalogar *bailar* e *baile* como voces patrimoniais en galego.

Tampouco podemos pronunciarnos verbo do ditongo /ai/ de *baixo* (CSM, TC, CT, LNAP), *bayxo* (GE, CT) ou *vayxo* (GE, HT), con absorción da semiconsoante palatal xa no século XV (*baxo*, LNAP), hoxe característica de falas galegas orientais (cf. Fernández Rei 1990: 52). A forma latina correspondente era BASSUS, de xeito que *baixo* se crearía coa influencia de *baixar*, que por súa vez procedería talvez dun hipotético \*BASSIĀRE (cf. DCECH; Huber 1986: 120; Lorenzo 1975-1977: II, 220-221). Algúns autores propoñen tamén a existencia dun suposto \*BASSIU (cf. Williams 1975; Lorenzo 1993: 13; Ferreiro 1995) e outros falan dunha influencia de BASSUS para a forxa de \*BASSIĀRE (cf. DENFLP). De par disto, convén considerar que o castelán tampouco presenta a solución patrimonial esperable (\**bejo*), senón *bajo*. En definitiva, a propósito do étimo da voz galega *baixo* e dos seus cognados románicos quedan en pé interrogantes que invitan a tomala con cautelas cando se trata a cuestión da formación e desenvolvemento do ditongo /ai/.

O mesmo acontece co substantivo *gaita*, que Diez derivou do occitanismo *gaita* ‘velador, centinela’, mais sen lograr o asentimento de Corominas, quen lle conxectura como étimo o gótico *gaitis* ‘cabra’, que arraigaría no centro e occidente da Península Ibérica “porque el fuelle de la gaita se hace de un pellejo de este animal” (DCECH). O lingüista catalán preocupouse de resolver os problemas fonéticos que a súa hipótese levantaba, e afirmou que tanto a falta de sonorización de /t/ intervocálico coma a permanencia do ditongo /ai/ se explican porque houbo varios estratos cronolóxicos de xermanismo que implicaron diferentes tratamentos fonéticos; para o caso que nos ocupa, “el [diptongo] de *gaita* pudo ser tan tardío como el del cat. *gaire* ‘(no) mucho’, por exemplo, tomado del fránico WAIGARO en el s. VIII, pues de los godos comprimidos en Asturias y Galicia por la invasión árabe algunos pudieron conservar memoria de su idioma nacional, y casi todos reconocerían por lo menos muchas palabras sueltas”. Así e todo, sería raro que un suposto xermanismo entrado no idioma en tempos tan recuados non só non fixese evoluir xeneralizadamente o seu ditongo /ai/ para /ei/, senón que incluso escapase á variación entre /ai/ e /ei/ que se ve tanto en voces herdadas do latín ata o século XIV coma no préstamo occitano *frayre-freyre* ata ben máis tarde. Por certo, *gaita* non se rexistra nas fontes do galego medieval, e aparece moi raramente nas fontes hispánicas da mesma época, por máis que a antiga existencia do instrumento se poida demostrar, por exemplo, pola súa presenza nas miniaturas das *Cantigas de Santa María*. Loxicamente, esta carencia de rexistros escritos de todo tipo impídenos afirmar categoricamente que no galego medieval se descoñecese a variante \**gueita*, mais o feito de que no galego moderno non haxa documentación ningunha de tal forma torna improbable a súa existencia antiga.

## Conclusión

Podemos dicir, en definitiva, que en galego a evolución patrimonial xeneralizada das voces de entrada antiga con ditongo /ai/ secundario foi a que conduciu este ata /ei/. Con todo, quedou unha certa marxe para a preservación de /ai/ en variantes que acadaron unha notable difusión: pénsese nas mencionadas nos parágrafos anteriores, pero tamén noutras de explicación non sempre doada coma *aire* (< AERE), forma que, utilizada xa no século XIII (cf. Lorenzo 1975-1977: II, 8), debe de ter moita antigüidade no idioma, MA(G)IS > *mais* (CSM, CI...), *mays* (LP, TC, CT...)<sup>10</sup> ou as formas verbais *hai* e *vai*, sobre as que debeu de pesar a solidariedade analóxica con outras pezas dos seus respectivos paradigmas. Os empréstitos cataláns e galorrománicos e mais as voces que por unha razón ou outra tiveron unha evolución atrasada (coma tal, as que levaban [bj] ou [pj]) mantiveron xeneralizadamente, cando chegou a formarse, o ditongo /ai/, con excepcións coma a xa medieval de *freire* ou as máis tardías de certas variantes de palabras que levan o ditongo en posición átona (*beilar*, *gueivota*, etc.). Os cultismos que contiñan o sufixo -ARIU, logo dunha fase medieval de oscilación entre variantes conservadoras e variantes innovadoras, acabaron decantándose a prol das primeiras, que sempre foran as maioritarias; *vigairo* é unha rara excepción.

## Fontes posmedievais mencionadas

- ALGa 1: Instituto da Lingua Galega (1990): *Atlas lingüístico galego*. Vol. 1: *Morfoloxía verbal*. 2 vols. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa.
- ALGa 3: Instituto da Lingua Galega (1999): *Atlas lingüístico galego*. Vol. 3: *Fonética*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa.
- CF: D. A. Cernadas y Castro (1778-1781): *Obras en prosa y verso del Cura de Fruime D. Diego Antonio Cernadas y Castro, natural de Santiago de Galicia*, 7 tomos. Madrid: Joachin Ibarra.
- CVFG: Fr. M. Sarmiento (1970): *Colección de voces y frases gallegas*. Edición y estudio por J. L. Pensado. Salamanca: Universidad.
- CVFLG: Fr. M. Sarmiento, Fr. M. (1973): *Catálogo de voces y frases de la lengua gallega*. Edición y estudio por J. L. Pensado. Salamanca: Universidad.
- CVGR: Fr. M. Sarmiento (1995): *Coloquio de vinte e catro galegos rústicos*. Edición de Ramón Mariño Paz. [Santiago de Compostela]: Consello da Cultura Galega.

10 Huber (1986: 70) apuntou a posibilidade de que a non chegada a *\*meis* se debese á posición inacentuada da palabra. Ora ben, esta explicación, plausible para o *mais* conxunción adversativa, non explica o que sucedeu co *máis* adverbio e co *máis* cuantificador, que teñen carácter tónico. Poderíase pensar nunha extensión analóxica, pero cómprennos datos e argumentos que de momento non temos.

- EEME: Fr. M. Sarmiento (1998): *Elementos etymologicos según el methodo de Euclides*, in F. Martín Sarmiento: *Elementos etimológicos según el método de Euclides*. Edición y estudio por J. L. Pensado. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, pp. 91-221.
- EHGBG: Fr. J. Sobreira (1974): “Ensayo para la historia general botánica de Galicia”, in J. L. Pensado: *Opúsculos lingüísticos gallegos del siglo XVIII*. Vigo: Galaxia, pp. 221-267.
- FM: *Fiestas Minervales, y aclamacion perpetua de las Musas, [...]*. Santiago: Antonio Frayz, 1697. Ed. facsímil, con *Estudio literario das Festas Minervais Compostelanas de 1697* de X. Alonso Montero. Universidade de Santiago de Compostela, 1993.
- GVGH: C. García (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe*. Anexo 27 de *Verba (Anuario Galego de Filoloxía)*. Universidade de Santiago de Compostela.
- HDS: J. A. Souto Cabo (1996): *A história de Dom Servando. Edição do manuscrito e estudo*. Tese de doutoramento. Universidade de Santiago de Compostela.
- PDG: Fr. J. Sobreira (1979): *Papeletas de un dicionario gallego*. Ms. s. XVIII. Edición y estudio crítico por J. L. Pensado. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos “Padre Feijóo”.

## Bibliografía

- DCECH: J. Corominas & J. A. Pascual (1987/1989/1991): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*. 6 vols. Madrid: Gredos [vol. 1: 1987; vols. 2, 3, 4: 1989; vols. 5, 6: 1991].
- DENFLP: A. Geraldo da Cunha (1994): *Dicionário Etimológico Nova Fronteira da Língua Portuguesa*. 2ª ed. revista e acrescida de um suplemento. Rio de Janeiro: Nova Fronteira; 1ª ed.: 1982.
- Diéguez González, J. (2000): “Manutenção dos ditongos 'ai', 'au', face a 'ei', 'ou' na área galego-portuguesa: uma proposta explicativa”, in R. Vieira de Castro & P. Barbosa (eds.): *Actas do XV Encontro Nacional da Associação Portuguesa de Linguística (Faro 29-30 de Setembro e 1 de Outubro de 1999)*. Braga: Associação Portuguesa de Linguística, vol. 1, pp. 335-357.
- Dieguez Gonzalez, J. (2001): *Galego-português lucu-auriense: resultados aj (< aaj), aw (< aaw) e umha antiga ditongaçom do ê (> ja) e õ (> wa) tónicos*. Santiago de Compostela: s.e.
- Fernández Rei, F. (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Xerais.
- Ferreiro, M. (1995): *Gramática histórica galega*. Santiago de Compostela: Laivento.
- Ferro Ruibal, X. (dir.) (1992): *Diccionario dos nomes galegos*. Vigo: Ir Indo.
- García-Sabell Tormo, T. (1991): *Léxico francés nos cancioneiros galego-portugueses. Revisión crítica*. Vigo: Galaxia.
- Huber, J. (1986): *Gramática do português antigo*. Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian.
- Lorenzo, R. (1975-1977): *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*. 2 vols. [Vol. 1: *Introducción, texto anotado e índice onomástico*, 1975. Vol. 2: *Glosario*, 1977]. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos “Padre Feijoo”.
- Lorenzo, R. (1993): “Algunhas consideracións sobre a evolución do vocalismo en galego e portugués”, in *Actas do VIII Encontro da Associação Portuguesa de Linguística*. Lisboa: Associação Portuguesa de Linguística, pp. 9-26.

- Lorenzo, R. (2003): “El gallego en los documentos medievales escritos en latín”, in H. Perdigueru Villarreal (ed.): *Lengua romance en textos latinos de la Edad Media. Sobre los orígenes del castellano escrito*. Burgos: Universidad de Burgos / Instituto de la Lengua Castellano y Leonés, pp. 161-192.
- Maia, C. de Azevedo (1986): *História do galego-português. Estado lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal do século XIII ao século XVI (com referència à situação do galego moderno)*. Coimbra: Instituto Nacional de Investigação Científica.
- Ríos Panisse, M. del C. (1977-1983): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia*. 2 vols. [Vol I: *Invertebrados y peces, con anotaciones etimológicas por Antonio Santamarina*, 1977; Vol. II: *Mamíferos, aves y algas*, 1983]. Anexos 7 e 19 de *Verba (Anuario Galego de Filoloxía)*. Universidade de Santiago de Compostela.
- Taboada, M. (1979): *El habla del Valle de Verín*. Anexo 15 de *Verba (Anuario Galego de Filoloxía)*. Universidade de Santiago de Compostela.
- TILG: A. Santamarina (dir.) (2003): *Tesouro Informatizado da Lingua Galega*. Instituto da Lingua Galega (<http://www.ti.usc.es/TILG/>) [xullo-setembro, 2006].
- TMILG: X. Varela Barreiro (dir.) (2004): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Instituto da Lingua Galega (<http://ilg.usc.es/tmilg/>) [xullo-setembro, 2006].
- Väänänen, V. (1982): *Introducción al latín vulgar*. 4ª reimpr. Madrid: Gredos.
- Veiga Arias, A. (1983): *Algunas calas en los orígenes del gallego*. Vigo: Galaxia.
- Williams, E. B. (1975): *Do latim ao portugués. Fonología e morfología históricas da língua portuguesa*. 3ª ed. Rio de Janeiro: Tempo Brasileiro.